

**SERVIZO DE  
EXTINCIÓN DE INCENDIOS**

**ASUNTO: NORMAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN.**

Un ano máis este Concello lembra ós veciños e veciñas en xeral, as normas de mantenemento das condicións de seguridade para a queima das fogueiras de San Xoán, que terán lugar a noite do 23 deste mes de xuño.

As normas ás que terán que axeitarse a instalación e queima das fogueiras son as seguintes:

**1º.-** Presentación no rexistro xeral do Concello da solicitude de celebración da fogueira, antes do próximo día 17/06/2016 ás 13,00 horas, facendo constar os seguintes datos das persoas que organizarán o acto e faranse responsables do mesmo:

- .- Nome e apelidos, D.N.I.
- .- Enderezo e coñecemento do teléfono do Servicio Municipal de Extinción de Incendios 080, Policía Local 092 e Protección Civil 986 871 188.
- .- Compromiso de dispor no acto dun teléfono móvil en pleno funcionamento, con indicación na solicitude do seu número.
- .- Coa documentación achegarase copia do D.N.I. dos responsables.

**2º.-** As fogueiras terán que distar un mínimo de 15 metros ós edificios e árbores.

O diámetro máximo de zona de combustión da fogueira será de 4 metros de ancho cunha altura máxima de 2 metros. Nun área de diámetro similar ó pao central da fogueira non poderán concentrarse os asistentes á festa.

**3º.-** Os materiais a empregar na combustión serán leña, polas, toros de árbores e vellos materiais de madeira de calquera clase.

Prohibíense os pneumáticos, plásticos, latas, botellas, materiais con P.V.C. en xeral, e similares, así como botar aerosois, aceites ou líquidos combustibles e/ou calesquer substancias explosivas. Lémbrese que un bote de aerosol, aínda vacío, pode orixinar unha explosión importante.

Prohibíense as fogueiras baixo tendidos eléctricos, telefónicos, etc.

**4º.-** Prohibírese a realización de fogueiras sobre vías públicas pavimentadas, xardíns ou zonas verdes en xeral.

**5º.-** A organización terá que acatar as normas ou instruccións que poidan ditar os Axentes dos Corpos da Policía Local ou Corpo de Bombeiros.

Esta Alcaldía ó tempo que convida a tódolos veciños e veciñas a disfrutar da festa desa noite, confía en que se cumpran estas instruccións, ditadas únicamente para garantiren a protección e seguridade no municipio en conciliación co lecer da cidadanía.

Pontevedra, 27 de maio de 2016.

O ALCALDE.

Asdo.: Miguel Anxo Fernández Lores.